

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 30 DE MAIO DE 2024.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e cinco minutos do 30 de maio de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.

D^a MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)

D JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (PP)

D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP)

D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)

D LUIS GULÍN IGLESIAS (PSOE)

D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)

D^a MARIA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RENC)

Alcalde.- Boa tarde a todos e todas. Imos dar comenzo á sesión ordinaria do pleno de 30 de maio de 2024

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS: ORDINARIA DE 25 DE ABRIL E EXTRAORDINARIA DE 13 DE MAIO DE 2024.

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 29 de de abril; vinte; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; catro; sobre prestación de servizos sociais; catro, sobre aboamentos; unha, sobre enterramentos; unha, concesión licenza de obras; unha, sobre desestimación recurso; catro; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre estabilización persoal laboral; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre devolución de fianza; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 30 de abril; trece; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre concesión de vacacións; unha; sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión de ocupación da vía pública; tres; sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre responsabilidade patrimonial; unha, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha; sobre recurso de taxas; tres, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 2 de maio; seis; unha, sobre permiso de enterramento; sobre recurso de taxas; unha, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre inscrición no rexistro de APP; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación.

Do 3 de maio; cinco; unha sobre ampliación de horario, unha, sobre incoación de expte. de ruina, unha, sobre sobre cambio de titularidade de licenza; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre contratacións.

Do 6 de maio; seis; dúas, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre inscrición no rexistro de APP; unha, sobre contratos; unha, sobre vado permanente.

Do 7 de maio; trece; unha, sobre prórroga comunicación previa de obras; catro, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre estabilización de emprego; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre nomeamento tribunal; cinco; sobre liquidación plusvalía.

Do 8 de maio; quince; dúas; sobre aboamentos; tres; sobre alta no padrón de habitantes; unha, bonificación no IVTM; catro; sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; catro; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre estabilización de emprego.

Do 9 de maio; seis; unha, sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre exención IVTM por minusvalía; unha, sobre bonificación IVTM +25; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre devolución de ingresos indebidos.

Do 13 de maio; once; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa voluntaria; tres; sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; dúas, sobre estabilización de emprego; dúas; sobre baixa de recibos; unha, sobre devolución de ingresos indebidos.

Do 14 de maio; unha, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 15 de maio; trece; dúas, sobre concesión de vacacións; seis, sobre alta no padrón de habitantes; catro, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación.

Do 16 de maio; vinte e tres; unha, sobre ampliación prazo piscina; unha, sobre estabilización de emprego; cinco, sobre liquidación plusvalía; uha, sobre concesión de bono natalidade; cinco, sobre aboamentos; seis, sobre prestación de servizos sociais; catro; sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros.

Do 20 de maio; vinte e tres; dezaseis, sobre prestación de servizos sociais; tres, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre devolución de ingresos indebidos; unha, sobre responsabilidade patrimonial; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 21 de maio; once; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; sobre estabilización de emprego; dúas, sobre recurso de taxas; unha, sobre concesión de vacacións; dúas,

sobre a eficacia da comunicación previa de obras; dúas, baixa taxas municipais; unha, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros.

Do 22 de maio; catro; unha, sobre recurso providencia de apremio; unha, sobre concesión de ocupación da vía pública; dúas, sobre recursos sancións tráfico.

Do 23 de maio; quince; seis, sobre recursos sancións tráfico; unha, sobre prórroga comunicación previa de obras; unha, sobre alta no padrón de habitantes; dúas, sobre nomeamento tribunal; dúas, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre bonificación IVTM +25; dúas, sobre fraccionamento de débeda.

Do 24 de maio; unha, sobre petición de subvención.

Do 27 de maio; vinte e oito; catro, sobre aboamentos; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; dúas, sobre contratación MIT; dezaseis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre cesión uso praza parking; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; dúas, sobre estabilización de emprego.

Do 28 de maio; once; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre concesión de bono natalidade; dúas, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre estabilización de emprego; unha, sobre baixa de recibos; unha, sobre devolución de ingresos indebidos; unha, sobre rectificación taxa; unha, sobre bonificación Escola de Teatro; unha, sobre devolución ICIO; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 29 de maio; dezaseis; unha, sobre recurso de taxas; unha, sobre adxudicación de contrato; unha, sobre bonificación IVTM +25 ; unha, sobre exención IVTM por minusvalía; tres; sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre nomeamento tribunal; tres, sobre aboamentos; dúas, sobre estabilización de emprego; unha, sobre concesión de bono natalidade; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre sanción por obrigas incumpridas xestión de biomasa.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2024.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm./12024 na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º CREDITOS NECESARIOS:

- Suplementos de Credito

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
920.22706	266.000,00	17.553,47	283.553,47	Traballos

=====

RESUMO

- *Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería-----0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo----- 22.773,47 euros*

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- Boa tarde a todos e todas, ao público asistente e ao que nos segue dende casa. A estas alturas de lexislatura, na metade do exercicio financeiro, despois dun ano para conquistar subvencións para cumprir o que se prometeu en campaña; a modificación non é para unha infraestrutura prometida ou a aportación necesaria a unha gran inversión de outra administración. Non é para resolver os problemas que hai que recoñecer que existen. As modificacións son ferramentas do goberno para a xestión ordinaria.

Se cumpre un ano do novo goberno cunha amplísima maioría, o balance é unha decepción, mesmo nos votantes do PP. Esta é unha proba máis.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Boa tarde a todos e todas, e aos que nos acompañan. As modificacións orzamentarias nos parecen necesarias, é destacable para que se fai: traballos para limpiar o punto limpo. Se puse un teléfono para que sexa a Deputación a que recolla os enseres. Tendemos a man para buscar solución ao problema do punto limpo.

O convenio coa Cruz Vermella inclúe a sede do GES que está obsoleta, houbo unha promesa de nova nave.

Se dedican 171.000 euros para pagar facturas da conta 413. Non sei se vai a quedar saldada, entendo que lles gustaría adicar ese diñeiro a proxectos necesarios. De onde se saca o diñeiro de prazas vacantes que fan falla. Se botan de menos inversións. Nos imos abster.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Boa tarde a todos e todas. Nos imos abster porque neste tema somos claros, sempre temos a mesma postura , no goberno e na oposición.

Coa Cruz Vermella hai un convenio do que o concello se beneficia coa cesión da nave para o GES. O convenio se firmou por primeira vez, sendo eu alcalde.

Crítica para o despilfarro do punto limpo, 17.000 euros pola mala xestión. A ubicación é mala, advertimos ,por activa e por pasiva, que non era o sitio. Nin é punto , nin é limpo. O alcalde usou unha subvención para iso. Criticou ao grupo de goberno anterior porque non se facía vixilancia.

As incoherencias se pagan, non o abren ningún día e agora dicen que hai que chamar por teléfono. Levan tres anos eiquí, a xestión é nefasta. Non estamos de acordo neste tipo de gastos, que non se volvan a producir.

¿ Vai a coller a xestión do lixo a Deputación? Coa ordenanza fiscal da Deputación os veciños van a pasar a pagar moito máis. Coa ordenanza da Deputación hai que pagar 6 euros pola recollida dun colchón. ¿ Se vai a adherir o concello a ordenanza fiscal da Deputación para a recollida de lixo? O custe é asombroso. En vinte anos co PSOE, só se subiu o IPC, os locais comerciais van a pasar de 300 a 900 euros.

Non se poden pagar constantemente esas cantidades no punto limpo, o ano que ven outros 17.000 euros.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer que non haxa votos en contra.

D Brais Fidalgo Martínez.- Sería interesante a opinión do goberno sobre o plantexado polo portavoz do PSOE.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- A recollida do lixo nos perxudica, se paga por habitante. Habería que estudar a posibilidade de entregar a recollida a Sogama.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (7), abstención PSOE (3), BNG (2) RENC, fica aprobada.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS PARA GASTOS XERAIS CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2024, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos

<i>APLICACION ORZAMENTARIA</i>	<i>CREDITOS INICIAIS</i>	<i>SUPLEMENTO CREDITO</i>	<i>CREDITOS DEFINITIVOS</i>
135.22110	12.000,00	6.474,51	18.474,51
136.21300	10.000,00	4.643,90	14.643,90
165.22100	225.797,64	30.161,95	255.959,59

165.21900	30.000,00	16.912,31	46.912,31
231.22110	64.102,60	308,55	64.411,15
334.22609	263.805,06	12.233,95	276.039,01
338.22609	131.200,00	16.038,88	147.238,88
342.22706	57.000,00	1.916,64	58.916,64
342.22100	38.500,00	3.882,22	42.382,22
414.22699	45.000,00	2.722,50	47.722,50
414.22700	0,00	400,50	400,50
459.21300	15.000,00	1.754,79	16.754,79
459.21200	25.000,00	34.027,46	59.027,46
920.21400	25.000,00	2.350,30	27.350,30
920.21600	5.000,00	1.522,79	6522,79
920.22110	20.000,00	3.143,64	23.143,64
920.22200	22.000,00	987,99	22987,99
920.22706	266.000,00	23.786,87	289786,87
925.22602	7.200,00	4.990,84	12190,84
1532.2100	45.000,00	3.334,52	48.334,52
3383.22609	131.200,00	375,00	131.575,00
	TOTAL	171970,11	

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	70	00	Remanente de Tesorería para gastos xerais	171.970,11
			TOTAL INGRESOS	

3. ° XUSTIFICACIÓN

De acordo co que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, a xustificación da presente modificación ven determinada por:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio a publicar no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas».

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Brais Fidalgo Martínez.- A modificación orzamentaria é unha ferramenta de traballo. Tras as promesas, un ano de goberno e as promesas están sen cumprir. Non son novos no cargo, en teoría ten as administracións superiores de man: Deputación e Xunta.

Hai certa sensación de decepción. En febreiro de 2021 se decía que era inminente o albergue na estación de tren: un exemplo máis de promesas incumplidas. Se podían esperar convenios coa Xunta e Deputación, non hai nada de iso. O mesmo a ampliación do polígono industrial, non hai nada.

A nova Galiña azul se decía que era inminente, a muletilla sempre é que están traballando. Ese listado podía continuar. Pero alomenos que houbera algo, pero non hai nada. Da renovación da praza de Cruceiriño e da mellora do local social de Francelos tampouco se sabe nada. O mesmo as melloras do CRA ou a nave do GES.

Mesmo se saca unha nota de prensa de que a Deputación vai a dar 80.000 euros para o asilo, o fai fai tres anos con distintos gobernos.

Hai un pouso de decepción, as promesas non responden á realidade.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Da un pouco de pena que estes cartos sexan para pagar débedas. Ribadavia merece máis, vostedes tamén o saben e non se lle está dando. Mentres Celanova inviste 620.000 euros do remanente de tesourería en obras e servizos.

Hai xente que dice que non facemos oposición. Ribadavia merece máis, o que temos non é o que se merece. Vostedes pediron unha maioría absoluta para gobernar e o pobo se lla deu, é o pobo o que demanda agora.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Coincido moito co que dí a portavoz do BNG. Había xente que facía cousas contra as persoas, senón eles, xente próxima a eles. Eu levo máis de vinte anos, o goberno explicaba e a oposición pedía máis; era un auténtico escándalo , mesmo con insultos. Agora non se contesta, pensan que o pleno non vale para nada. Antes viña a prensa, agora cada un solta o que lle parece no facebook.

O recibo do lixo lle vai a subir 20 euros a cada veciño, fai un ano decían que o pobo ía a ir de maravilla. Sobre a saúde económica do concello, o PP nunca aprobaba nada que

viña de antes. Nos pagamos tres millóns de euros que viñan da época do PP. Había unha intervención de facto, houbo que recortar horas de persoal. Se reciben ao ano 240.000 euros da Deputación. O alcalde fai un ano votou que non, logo que sí a instancias do PSOE. Nunha lexislatura se perciben un millón de euros, nos tiñamos 48.000 euros ao ano.

Perdemos 120.000 euros pola baixada de poboación.

As tendas de alimentación de 100 a 350 metros cadrados, van pagar 400 euros de lixo ao ano. O mesmo os bares e outros establecementos, os pubs case 400 euros. A subida do lixo 20% a cada veciño, para algúns 35%.

Nos a estas alturas facíamos modificacións para poñer a aportación do 20% municipal a obras. ¿ Onde está o convenio cos veciños de A Grova? ¿ Onde está a nova captación? Non consiguen subvencións.

Non temos respecto como oposición, polo menos contestar. Non contestan por escrito ao que dicen que sí. O mesmo solicitudes de información e invitación a actos institucionais.

D Miguel García Domínguez.- Agradecer que non haxa votos en contra. A modificación son 171.911 euros a cargo do remanente de tesourería para pagar facturas pendentes.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PP (7), PSOE (3), abstención BNG (2) e RENC, fica aprobada.

5.- INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VENTOSELA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

Vista a solicitude, e documentación adxunta, presentada por don José María Fernández González en representación de Asociación de veciños de Ventosela, con número de rexistro de entrada no concello 2024-E-RE-471 DE 23/5/2024.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

Inscribir a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VENTOSELA no Rexistro municipal de asociacións de Ribadavia.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP e BNG; reservanse para o pleno os membros de PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

6.- MOCION RENC PARA QUE RIBADAVIA SE SUME AOS CONCELLOS QUE ENVÍAN AXUDA HUMANITARIA AOS REFUXIADOS DE GAZA.

a comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

- a) **O Concello de Ribadavia comprométese a cooperar na financiación e participación do envío de axuda humanitaria ás persoas refuxiadas de Gaza a través da UNRWA (ONU).**
- b) O Concello de Ribadavia respalda a labor que realiza a axencia das Nacións Unidas UNRWA en favor da poboación refuxiada neste conflito, en especial coa infancia de Gaza.
- c) O Concello de Ribadavia sumarase aos concellos e administracións que están enviando axuda de cooperación para a poboación refuxiada de Gaza.
- d) O Concello de Ribadavia solicita á FEGAMP, Deputación Ourense, Xunta e Goberno estatal que incrementen a cooperación humanitaria con novas axudas para GAZA.
- e) Estes acordos faranse públicos e serán enviados a ditas Administracións públicas, así como ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC e BNG; reservanse para o pleno os membros de PSOE e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- É unha moción sencilla e sensible. As barbaridades chegan pola televisión, é o maior xenocidio dende a segunda guerra mundial. Cada cidadan e administración debe botar unha man no que sexa posible. Por sensibilidade e empatía coa poboación civil. O Fondo galego de cooperación e solidariedade vai a axudar a través de UNWRA, non é unha ONG calquera ten o aval da ONU. Esta axencia sofre ataques de Israel e dos seus aliados. Os veciños están de acordo en que unha pequena parte dos recursos públicos vaian a este fin.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- O noso voto a favor, é un tema moi sensible e compartimos ese sentimento.Somos un pobo solidario.É moi triste que Israel declare a esta organización terrorista. Que se aprrobe a moción e se leve a cabo.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Estamos en contra de este xenocidio e totalmente a favor da moción. Son millares de persoas asasinadas con toda impunidade. A Deputación de Ourense non está adherida, a Fegamp non da axudas directamente.O goberno do Estado

ten protagonizado un feito histórico recoñecendo ao Estado palestino para contribuir a paz. O goberno do Estado da cincuenta millóns de euros anuais de axuda humanitaria.

D^a Mariluz Expósito Pérez.-É un tema moi sensible, o concello buscará a maneira de colaborar con axuda económica.

D Brais Fidalgo Martínez.- Agradecer a unanimidade, é esperanzador. Os concellos poden facer moito máis. UNWRA sofre ataques inxustos, persoal foi asesinado. A Fegamp e o goberno do Estado poden facer moito máis. A Xunta e a Deputación deben facer moito máis.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓN RENC PARA EXERCER O DOMINIO PÚBLICO SOBRE VIVENDA NA PORTA NOVA DE ARRIBA E SE IMPULSE A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS ADQUIRIDAS POLA XUNTA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

1.-O Concello de Ribadavia solicita que a Xunta exerza o recollido na Lei 6/2023 do Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia na vivenda de Ribadavia da rúa Portanova de Arriba aludida, e sobre a cal non constan persoas herdeiras propietarias, de acordo á lei e normativas vixentes.

2.- O Concello de Ribadavia pídelle á Xunta o impulso dos proxectos de rehabilitación das 7 edificacións de Ribadavia dentro do programa Rexurbe.

3.-O Concello de Ribadavia realizará, a través dos seus funcionarios, un traballo de investigación sobre posibles inmobles que se atopen nesta mesma situación de ausencia de persoas herdeiras propietarias

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D Brais Fidalgo Martínez.- O noso grupo compaxina unha oposición crítica e facer propostas en positivo, para botar unha man. Na anterior lexislatura quedou pendente esta cuestión. Consonte á Lei de Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia os inmobles sen herdeiros pasan a titularidade da Xunta de Galicia. Que o concello faga esa labor de comprobar se hai máis inmobles na situación de carencia de herdeiros. É unha situación que , en ocasións se produce.

Hai que reimpulsar o Plan Rexurbe, oito inmobles adquiridos nese plan, que se empiecen a realizar. Que Ribadavia lle esixa ao IGVS, melloraría o aspecto da zona monumental.

D Xurxo Gómez Alonso.- Eu pensaba que isto xa era así por lei, polo propio Código Civil. Hai empresas que se dedican en Google a buscar inmobles de este tipo.

Non é menos molesto un inmoble en ruínas que un soar con xestas para os veciños colindantes.

¿Cómo vai a poder avanzar Ribadavia se non hai vivendas?

Espero que os proxectos do Rexurbe vaian adiante.

Solicitar que o concello faga investigacións sobre os inmobles que se poidan atopar nesta situación.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Estamos a favor da moción, hai cousas que se están facendo. A venda de inmobles foi moi criticada no seu momento, o noso grupo estivo a favor, recibindo unha crítica feroz do PP. Grazas a eso imos ter un establecemento hoteleiro no casco histórico.

Un expediente para pasar un inmoble a dominio público pode tardar anos, se pode pensar que non hai familiares e os hai. Se require a limpeza dunha finca e non hai propietario, se vai a expropiar e aparecen varios. Hai que ser moi garantista nestes expedientes.

Onde está o mural das irmas Touza a familia donou esa parte, hoxe é un bo espazo público.

Hai alquileres turísticos que se producen de forma non regular, hai xente que quere alquilar vivenda e non hai. Hai que retomar as conversacións sobre as vivendas a lado de Renfe; se cedían nunhas condicións moi favorables, se podían arranxar e poñer a disposición.

D Miguel García Domínguez.- Sen entrar na discusión legal, estamos a favor do fondo da cuestión. Os demandantes de vivenda nos listados da Xunta son poucos. Se fará o traballo de investigación demandado.

D Xurxo Gómez Alonso.- Hai un principio basíquisimo do dereito administrativo, para rematar un expediente hai que inicialo. Hai edificios no casco histórico que levan setenta anos abandonados.

D Brais Fidalgo Martínez.- Agradecer o apoio, esperar que se leve a cabo. O noso grupo leva moito tempo preocupado pola vivenda en Ribadavia, levamos tres plenos reclamando máis vivenda. Se dice que o problema é que a xente non se inscribe, pero a xente non sabe que hai o rexistro. A Xunta leva o tema do Rexurbe con moita lentitude. Esta moción se cotexou nas instancias acaídas, se falou coa secretaría do concello, está moi ben fundamentada xurídicamente.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.- MOCIÓN BNG EN REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE CELULOSA DE ALTRI.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de maio de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que se posicione en contra do proxecto e impulse a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de PP, PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- A maioría esta moción lle pode parecer allea a nos, xa está o Bloque co seu rexeitamento a todo. Este domingo houbo unha gran convocatoria pedindo o rexeitamento.

Esa macrofactoría, se é unha panacea, porque non queda en Portugal. Perxudica ao Ulla e a ría de Arousa. Ten un consumo excesivo de auga e xenera contaminación. Fai dous anos se falaba dunha planta de textiles e 2.500 postos de traballo, e agora de celulosa e 500 postos de traballo. O presidente da Xunta dice que se din mentiras e que hai que avaliar ben o proxecto. Hai un expolio dos recursos naturais do país, nos rexeitamos o proxecto.

D Brais Fidalgo Martínez.- Houbo eleccións en Galicia, fai pouco, cunha maioría absoluta do PP. Perderon os grupos que defenden o medio ambiente e o futuro de Galicia, só queda a protesta. O domingo houbo unha manifestación histórica de protesta, é triste, para saber que pasa en Galicia hai que poñer os medios extranxeiros; o tratamento do tema pola radio televisión galega é un escándalo. Esta moción é boa e é bó que veña a Ribadavia.

É a reivindicación de que Galicia pode producir barcos, coches dunha forma ambientalmente sostible. Esa factoría responde a un modelo de desenvolvemento colonial, de multinacionais.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.- É un proxecto que pasou de 2.500 postos de traballo a 500. De fábrica de textiles a celulosa. Toma corenta e seis millóns de litros de auga do río Ulla, devolve trinta millóns a vinteseite grados de temperatura.

Os parlamentarios socialistas van a facer un seguimento do tema, estamos pendentes de explicacións no Parlamento. Rueda dice que non vai a aprobar nada que non esté avalado polos técnicos.

D^a Mariluz Expósito Pérez.- Imos votar en contra. Non estamos en contra dunha iniciativa empresarial se cumpre a lexislación. Os técnicos deben comprobar dita adecuación. Non cabe un rexeitamento de inicio.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- Hai que previr antes de que viñan os males. Esta factoría ocupa unha extensión de 363 hectáreas, ten unha chimenea de 55 metros de altura. Gran consumo de auga, se somete a auga a elevadas temperaturas. Xenera un

fortísimo impacto ambiental e no modelo forestal. A reivindicación do domingo foi masiva, é vergoñento que non se reflicte.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol RENC e BNG (2), Abstención PSOE (3), votos en contra PP (7) , non fica aprobada.

9.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non houbo.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

D Brais Fidalgo Martinez.- Reiterar os rogos de anteriores plenos e comisións.
Preguntar se houbo un informe previo á retirada do arcipreste diante da capela do Portal.
Que se limpien as fachadas de todos os monumentos.

Que se recompoña o servizo de obras.

Que se acelere o trámite da ponte da Veronza.

Que se leven a cabo as propostas da comisión de tráfico , que se executen.

Preguntar se hai algunha novidade respecto á fusión de concellos, se decia que se ía a contactar.

Preguntar se se vai a pedir á Consellería de Educación a adquisición do soar contiguo ao CEIP.

Preguntar pola obra de accesos ao ambulatorio e pola pintada da estrada de Francelos a Prexigueiro.

Alcalde.- Tomo nota dos rogos.

Sobre a capela do Portal hai un informe dun técnico colexiado.

No servizo de obras estamos a espera da evolución dos traballadores.

Haberá unha nova reunión da comisión de tráfico.

Sobre a fusión tivemos contactos con distintos alcaldes, hai distintas sensibilidades.

D Brais Fidalgo Martinez.- Solicitar a convocatoria do padroado de Prexigueiro.

Alcalde.- Hai un obstáculo, a directiva da asociación de veciños non está constituída.

D Xurxo Gómez Alonso.-¿ É tan complicado para a concello , cando vai a realizar unha corta significativa de árbores, avisar antes?

Teño presentado unha solicitude respecto a un muro en mal estado na rúa dos Fornos, que se revise esa zona.

Hai dez persoas sen praza na Galiña Azul.

Preguntar cómo está a matrícula do CRA

Preguntar se hai novidade no tema da nave do Grupo de emerxencias supramunicipal.

Se se sabe algo sobre o contencioso administrativo interposto por Aqualia.

En Prexigueiro, nas termas de abaixo a auga sae fría.

Alcalde.- É polo caudal do río.

Non hai novidade no contencioso de Aqualia.

Hai dez nenos na lista de agarda da Galiña Azul, é un tema que me preocupa moito.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Que se arregle a pasarela de madeira de Ventosela. Solicitar que se manteña o nivel do encoro.

Que se traballe para que as praias fluviaís están coidadas.

Preguntar se se sabe algo dunha planta fotovoltaica en San Paio, Ventosela; se dice que os terreos están comprados.

Alcalde.- Non hai ningunha solicitude de licenza. Tomo nota dos rogos.

D José Ignacio Gómez Pérez.- O pintado da estrada Filgueira Francelos é unha auténtica tomadura de pelo.

O reloxo do concello leva nove meses parado e o tapan as herbas. Dice pouco do goberno, tamén e indicativo de que o pobo se deixar ir porque non se protesta.

Pedir que se limpie o paseo do río.

Se están facendo sinalizacións de tráfico sen informe da policía local. A Xunta de Galicia coloca sinais nas farolas do concello, sen respectar a normativa de Patrimonio. Se segue sen contratar persoal, antes se decía que era que non había bolsas de emprego. No pavillón de deportes se contrata por unha empresa privada, cun custe elevadísimo, cando hai unha bolsa de emprego ¿ é que non interesa contratar a determinadas persoas?

¿ O concello vai a seguir co servizo de recollida de lixo da Deputación ou non?

Que se repoñan as xardineiras da Alameda.

Hai dez persoas na lista de agarda da Galiña Azul, ¿ onde están os 500.000 euros para a nova gardería? Era unha cuestión de pobo facer unha inversión como esa; que a doten os novos orzamentos.

Alcalde.- Se licitou a xestión dos servizos deportivos, no prego incluíuse que a empresa dotase de persoal ao servizo. Se ampliou a dotación económica do contrato, se deu conta no Consello municipal de deportes.

Alcalde.- O tema do lixo non figura na orde do día, non procede falar agora. Houbo unha modificación lexislativa, había distintas variedades de adhesión . A ordenanza fiscal preveía unha dualidade que non cabe coa nova normativa. A ordenanza ten que ser única e a recadación directa pola Deputación. Hai 54 concellos que o ano que ven se ten que adherir a ordenanza fiscal da Deputación. O pleno do concello de Ribadavia, legalmente, non pode marcar o prezo da taxa; a recollida do lixo ten un déficit de máis de 100.000 euros, non vai a existir ese desequilibrio financeiro. Vaise incrementar a liquidez. Hai subvencións da Deputación nas que o concello non recibe os cartos, porque hai unha compensación de débeda por este motivo. Agora as subvencións van a ir directas á caixa do concello.

Si se vai a seguir co servizo de recollida de lixo da Deputación.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Había outras fórmulas, non é unha cuestión legal. É un acordo da Deputación. Ten que haber compensación. Quen recauda os cartos do lixo é o concello.

Habería fórmulas se se tivese feito o que nos dicíamos , se se tivera subido un euro ou dous cada ano. O déficit de Ribadavia é polos ingresos. Había mil persoas que non pagaban o lixo cando nos chegamos, a taxa de 57 euros leva vinte anos.

Hai locais comerciais que van a pagar 900 euros. A maioría dos concellos do PP non cobran o lixo, se cobrasen non teríamos este problema.

Alcalde.- Ribadavia vai a ter a mesma taxa que os outros 54 concellos da provincia. Antes se tiña o servizo delegado e unha ordenanza fiscal propia, agora a lei non o permite.

D Luis Gulín Iglesias.- A obra na Foz vai ter un uso empresarial ou privado.
Co plan de primeiro emprego do INEM , que permite a contratación de licenciados no seu primeiro traballo, se podería reforzar o servizo de urbanismo.
Preguntar se hai licenza onde o antigo supermercado Dia que se vai a montar un carrefour express.
Se houbo algún contacto coa Consellería de Sanidade para o cincuenta aniversario do Centro de saúde.
Cómo está o tema do homenaxe aos antigos xogadores do Celta.

Alcalde.- O dos xogadores do Celta se retomará despois das vacacións.
Houbo contactos co Sergas.
O programa do SEPE non abarca aos concellos.
Sobre a obra da Foz pode preguntarse aos servizos municipais.

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos a presidencia levanta a sesión.